

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 2 de novembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día dous de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2054).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(2055).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIA A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 147336/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta do 26/10/17, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, o xefe de Servizo de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Política Social e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 22.10.2015, acordou adxudicar á mercantil “Clece, S.A.” o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas por un prazo de 2 anos (prorrogable), contado desde o 11.11.2015 por un prezo total de 1.390.638,19 € (Exp. nº 114403/301).

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 11.11.2015 , prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

I.3. Tanto no contrato como no PCAP prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

I.4. A data efectiva de inicio deste contrato fixouse no 11.11.2015, polo que o acordo municipal para a primeira prórroga debía producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.5. Tramítase o expediente administrativo para a 1ª prórroga co nº 147336/301 (2017) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concellería delegada da Área de Política Social, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil “Clece, S.A.” e (parte) do Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 24.10.2017 (doc. nº 170145103) polo representante de “Clece, S.A.”, D. José Vicente Ortega Rey, solicitando a prórroga do contrato.

**II. NORMATIVA RELACIONADA**

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Adminis-

tración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

### III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.

III.2.2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

III.2.3. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.4. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo

das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.5. O contrato formalizado con “Clece, S.A.” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio. Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de CEDRO como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar unha primeira (1ª) prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria, en xeral, a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de asegurar a continuidade deste servizo. Xustifícase a súa existencia na necesidade de garantir unha axeitada atención sanitaria asistencial ás persoas usuarias de CEDRO.

III.3. A primeira prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 11.11.2015, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.4. O gasto representado por esta prórroga, que sería de 695.319,10 €, podería imputarse, agás indicación noutro sentido da Intervención xeral, á aplicación nº 3112.227.99.01 dos vixentes orzamentos municipais.

III.5. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación, deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado pola 1ª prórroga.

III.6. A competencia para aprobar a prórroga deste contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.Adic. 2ª TRLCSP).

#### IV. CONCLUSIÓNS

Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar, por primeira vez e por un (1) ano máis, o contrato celebrado o 11.11.2015 polo Concello de Vigo coa entidade “Clece, S.A.”, toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrência para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato administrativo de servizos formalizado para a prestación do servizo de atención sanitaria asistencial en CEDRO permanecerán inalterables.
- d) Constan neste informe, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican a primeira prórroga proposta.

- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

## V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á Xunta de Goberno Local, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 11.11.2017 e ata o 10.11.2018, o contrato de servizos de atención sanitaria asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 22.10.2015 á mercantil “Clece, S.A.” (CIF nº A-80364243) e formalizado en documento administrativo o 11.11.2015, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 695.319,10 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de “Clece, S.A.”, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.99.01 e a súa bolsa de vinculación, correspondendo 96.572,09 € ó exercicio de 2017 (11.11.2017 – 31.12.2017) e 598.747,01 € ó de 2018 (01.01.2018 – 10.11.2018).

TERCEIRO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(2056).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “11ª CARRERA POPULAR VIGO+11” O DÍA 5 DE NOVEMBRO DO 2017. EXPTE. 16371/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 2/11/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario xeral do Pleno e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

A entidade Federación Galega de Atletismo con CIF (G-15103500), solicitou o día 5-09-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170120790), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 11º edición Carreira Popular Vigo + 11
- Data: 5 de novembro de 2017
- Horario: 10.00h a 13.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo 5 de novembro de 2017, a proba terá a súa saída dende a rúa Concepción Areal ás 10.00h para seguir pola Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Carral, Marqués de Valladares, Colón, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Canovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás Alonso, Coruña, exterior Centro Comercial Traviesas, parte derecha de Camelias, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, para rematar na rúa Concepción Areal.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Federación Galega de Atletismo, con CIF (G-15103500), a organizar o vindeiro sábado 5 de novembro de 2017, o evento deportivo denominado 11º edición CARREIRA POPULAR VIGO + 11, a proba comenará ás 10.00h cunha carreira dos prebenxamines e as 11.15 h horas comenará a proba que percorrerá polas seguintes rúas: saída dende a rúa Concepción Areal, para seguir pola Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Carral, Marqués de Valladares, Colón, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Canovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás Alonso, Coruña, exterior Centro Comercial Traviesas, parte derecha de Camelias, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, para rematar na rúa Concepción Areal.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(2057).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A POTENCIACIÓN DE PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL, TEMPORADA 2016-2017. EXPTE. 16142/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/10/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

**I- ANTECEDENTES:**

Vista a proposta do 18 de outubro de 2017 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Director deportivo-xefe da unidade técnica e o Técnico deportivo da área de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, e que os as actividades da tempada 2016-2017, e que se establecen do seguinte xeito:

**a) Nivel da competición.**

- Campionato do Mundo: Ata 20 puntos.
  - Categoría absoluta: 10 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 5 puntos por campionato.
- Campionato de Europa: Ata 10 puntos.
  - Categoría absoluta: 5 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 4 puntos por campionato.
- Outras competicións oficiais de ámbito internacional (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuítos oficiais...): Ata 5 puntos.
  - Categoría absoluta: 2,5 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 1,5 puntos por campionato.
- Campionatos de España: Ata un máximo de 2 puntos.
  - Categoría absoluta: 1 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 0,5 puntos por campionato.

**b) Rendemento deportivo:** Segundo o posto acadado nas competicións nas que participe: No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, terase en conta o resultado que outorgue unha maior puntuación.

	Cto. España		Outras compet. Intrais		Cto. Europa		Cto. Mundo	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	2 puntos	1,5 puntos	3 puntos	2 puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	10 puntos
5º a 8º Posto	1 puntos	0,5 puntos	1,5 puntos	1 puntos	8 puntos	4 puntos	15 puntos	7,5 puntos
Participación	- puntos	- puntos	1 puntos	0,5 puntos	3 puntos	1,5 puntos	6 puntos	3 puntos



c) **Ámbito territorial do desprazamento:** Valorarase o desprazamento a cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.

	Outras compet. Intnais. e Cto. España	Cto. Europa	Cto. Mundo
España/Portugal	1 punto	5 puntos	6 puntos
Resto do Mundo	2 puntos	10 puntos	12 puntos

d) **Duración do Campionato:** Valorarase a duración de cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. En todos os casos, computará como primeiro día de competición o día anterior ó inicio oficial da participación do/da deportista na mesma, ata o último día oficial de competición oficial.

- **Campionato do Mundo:** Ata un máximo de 12 puntos.
  - España/Portugal: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
  - Resto do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- **Campionato de Europa:** Ata un máximo de 10 puntos.
  - España/Portugal: Ata un máximo de 5 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
  - Resto do Mundo: Ata un máximo de 10 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- **Outras competicións oficiais Internacionais de alto nivel (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuítos oficiais...):** Ata un máximo de 6 puntos.
  - España/Portugal: Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
  - Resto do Mundo: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
- **Campionatos de España:** Ata un máximo de 3 puntos. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.
  - Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.

A esta convocatoria presentáronse un total de 23 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 20 e rexeitáronse 3 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de solicitantes é de 1099,50 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 50.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 45,48 €.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algúns dos/das solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta para eles/as inicialmente.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/ha dos/das solicitantes de subvención admitidos/as no proceso.

Os/as solicitantes de subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada un/unha dos/as solicitantes admitidos. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada solicitante e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1.099,5 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 50.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 45,48€. Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algúns dos/das solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta para eles/as inicialmente.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadramento dos solicitantes, todos cumpren co requisito de estar empadroados en Vigo desde o 1 de xaneiro de 2016 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 5ª.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.-Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2016/2017 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 27.296,50€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 do orzamento do 2017.

2.-Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

- Por non completar a documentación requirida:

NIF/CIF	Nº REXISTRO
054*****	170128153

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.f.5.6.2, ó non competir como deportista dunha modalidade deportiva individual, participando de xeito individual, en parella ou trío:

NIF/CIF	Nº REXISTRO
531*****	170128209

- Por desestimento expreso do solicitante:

NIF/CIF	Nº REXISTRO
531*****	170128193

3.-Ampliar o prazo de xustificación das subvencións acadadas, establecido na Base 16ª da Convocatoria, do 3 de novembro de 2017 ata o 30 de novembro de 2017.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 16142/333)”.

	Nome e Apellidos	Modalidade	DNI/CIF	Puntos	Importe Final
1	A.L.G.	Taekwondo	394*****	103	1.080,00 €
2	A.M.M.	Vela	394*****	40	820,00 €
3	A.M.F.	Judo	394*****	32,5	1.477,94 €
4	A.V.M	Taekwondo	531*****	117	1.385,00 €
5	A.P.C	Vela	394*****	36	1.500,00 €
6	A.M.Q	Tenis	394*****	7,5	341,06 €
7	C.H.G	Vela	394*****	53	2.410,19 €
8	G.F.F.	Badminton	394*****	12,5	568,44€
9	I.G.S.	Taekwondo	531*****	117	1.115,00 €
10	J.F.F.	Badminton	394*****	13	591,18 €
11	L.B.B.	Judo	531*****	18,5	841,29 €
12	L.L.C.	Vela	394*****	36	1.530,25 €
13	M.P.R.	Tenis	394*****	73	2.500,00 €
14	M.W.P	Vela	394*****	56	2.500,00 €
15	N.A.L.	Taekwondo	394*****	103	1.100,00 €
16	P.S.G.	Vela	531*****	62	2.348,25 €
17	R.F.L.	xadrez	394*****	6	272,85 €
18	S.A.D.	Taekwondo	394*****	117	1.385,00 €
19	S.R.G.	Triatlón	361*****	51,5	2.341,95 €
20	T.C.A.	Vela	775*****	45	1.188,07 €
				Puntos	TOTAL
				1.099,5	27.296,50€

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 16142/333)”.

- Por non completar a documentación requirida:

NIF/CIF	Nº REXISTRO
054*****	170128153

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.f.5.6.2, ó non competir como deportista dunha modalidade deportiva individual, participando de xeito individual, en parella ou trío:

NIF/CIF	Nº REXISTRO
531*****	170128209

- Por desestimento expreso do solicitante:

NIF/CIF	Nº REXISTRO
531*****	170128193

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(2058).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 1145/611**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta do 27/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611) na seguinte orde descendente:*

	<b>LICITADORES</b>	<b>DESCONTO DE REFERENCIA PARA O GASÓLEO “C”.</b>	<b>TOTAL</b>
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	30%	<b>100</b>
2	COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA)	1,2%	<b>4</b>

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.836,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 16 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 2 de outubro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611) por un prezo total de 214.229,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.180,39 euros, e cun desconto por litro de gasóleo C do 30%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(2059).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 79713/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30/10/17, dáse conta do informe-proposta do 27/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	98,10
2	NAROM, S.L.	90,83
3	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	90,19
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	81,79
5	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS S.L.	13,63

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 1.795,17 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., o día 16 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 29 de setembro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) por un prezo total de 600.000,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 104.132,23 euros e coas seguintes baixas:*



- a) *Unha baixa porcentual única do 18,93% de aplicación aos prezos unitarios relacionados no anexo do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).*
- b) *Unha baixa proporcional única do 80,11% de aplicación aos produtos e materiais non previstos no cadro de prezos do Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(2060).- PROPOSTA DE ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA, Nº PERSOAL 81094 COMO TECNICO/A DE ACTIVIDADE TURISTICAS ASI COMO AQUELAS QUE SEXAN NECESARIAS PARA GARANTIR A MELLOR CALIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS. EXPTE. 6833/104.**

Visto o informe de fiscalización do 27/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/17, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese nesta Area expte nº 6833-104 “ solicitude de encomenda de funcions do posto de tecnico de turismo a funcionaria D<sup>a</sup> Antia mosquera Gonzalez, com NP 81094, asinado pola Concelleira da Area, na que se solicita que, ante a nova baixa por IT da titular do posto de Tecnico de Actividades Turisticas, sexan encomendadas ditas funcions a funcionaria D<sup>a</sup> Antía Mosquera González, nº persoal 81094, administrativa de administración xeral do servizo de Turismo e Industria, que conta coa formación suficiente e necesaria para o desempeño das mesma.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.-Artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.-Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada modificación das funcións e responsabilidades derivadas das necesidades do Servizo de Xuventude necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións ao funcionaria D<sup>a</sup> Antía Mosquera González, nº persoal 81094, com praza e posto de administrativo de admón xeral e adscrita ao servizo de Turismo

Dita atribución ten carácter provisional, limitado no tempo, cesando automaticamente no momento no cal se produza a reincorporación da titular do posto Técnico de actividades turísticas da súa baixa por IT, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instrucións citada

*III.- Os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outorgue corresponderíase con recollidos nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo e en concreto, a instrución terceira na que se establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade o *especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.**

**A súa duración deberá ser superior a un mes**, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos das oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á reasignación ou mobilidade funcional de efectivos.

No presente caso, en data 22/06/2017, foi autorizada pola Xunta de Goberno Local a encomenda de funcións a D<sup>a</sup> Antía Mosquera González, nº persoal 81094,, con posto e praza de administrativo, con titulación de Licenciada en químicas e master en dirección e xestión de Actividades Turísticas da Universidade Nacional de Educación a Distancia. Dita encomenda suporía un aboamento máximo en concepto de produtividade, calculado en función das diferenzas retributivas en canto a complemento de destino e específico entre o posto Codg Rtb 701 Técnico/a Actividades Turísticas e o posto Codg Rtb 105 Administrativo de Admón Xeral, que ascendería a cantidade de 635,67 €/mes (diferencia entre destino e específico de ambos postos).

Deste xeito foi fiscalizado pola Intervención Xeral e emitido documento contable n 58120 en data 19/06/2017 polo importe máximo a aboar ata o 31/12/2017.

Na devandita encomenda estableceiase como límite temporal da vixencia da autorización o momento no cal se producira a reincorporación da titular do posto da súa baixa por IT, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017.

A funcionaria de baixa por IT incorporouse ao seu posto de traballo en data 03/10/2018, atopándose de novo de baixa por IT polo mesmo accidente laboral que ocasionou a primeira baixa dende o 18/10/2017.

Deste xeito e toda vez que a encomenda realizada en data 22/06/2017 deixou de ter efectos pola incorporación da titular do posto en data 03/10/2017 e dado que en data 18/10/2017 volveu a causar baixa por IT polas mesmas circunstancias motivadoras da primeira, enténdese a pertinencia de aprobación dunha nova encomenda de funcións, existendo crédito no RC realizado pola Intervención xeral nº 58120 en data 19/06/2017 polo importe máximo a aboar ata o 31/12/2017.

Unha vez autorizada e para a tramitación do correspondente expediente de aboamento de complemento de produtividade, de se-lo caso, deberá achegarse de xeito trimestral informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polo funcionario no período considerado, así como a avaliación da súa realización, incluíndo os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período obxecto de aboamento, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar).

**IV.-** En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**“PRIMEIRO.-** Atribuír provisionalmente a funcionaria municipal D<sup>a</sup> Antía Mosquera González, nº persoal 81094 a realización das funcións do posto Codg Rtb 701 Técnico/a de actividade Turísticas así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

**SEGUNDO.-** Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización no momento no cal se produza a reincorporación da titular do posto da súa baixa por IT, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instrucións citadas.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(2061).- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL DE DOUS ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS E CINCO TÉCNICOS/AS DE XESTION. EXPTE. 30798/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, de data 30 de outubro de 2017 a Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo: NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (XESTIÓN DAS AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL AO PROXECTO PRESENTA DO POLO CONCELLO DE VIGO DENOMINADO VIGO VERTICAL) DE DOUS ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS E CINCO TÉCNICOS/AS DE XESTION. EXPTE. 30798/220.

Detectado erro do punto primeiro do Informe-proposta pois sinala un período máximo de tres meses cando deben ser tres anos, debe rectificarse o mesmo e cambiar tres meses por tres anos, manténdose os restantes extremos do acordo indicado.

Queda así redactado o punto primeiro: “Declarar a urxencia no nomeamento dos/das funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal, como Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e Técnicos de Xestión, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de tres anos (novembro/2017 a outubro/2020), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades contidas na memoria xustificativa sobre necesidade de nomeamento como funcionarios interinos para o ámbito programático de xestión das axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical.”

Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordos de mesmas datas, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

“**ÚNICO.**- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado na

proposta da Área de Recursos Humanos e Formación, de data de 27/10/2017, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/10/2017 (Expte. 30798/220) NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (XESTIÓN DAS AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL AO PROXECTO PRESENTA DO POLO CONCELLO DE VIGO DENOMINADO VIGO VERTICAL) DE DOUS ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS E CINCO TÉCNICOS/AS DE XESTION. EXPTE. 30798/220. , debendo figurar onde di “ **3 meses**” o seguinte: “ **3 anos**”, quedando redactado o punto primeiro da proposta:

1.- “Declarar a urxencia no nomeamento dos/das funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal, como Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e Técnicos de Xestión, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de tres anos (novembro/2017 a outubro/2020), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades contidas na memoria xustificativa sobre necesidade de nomeamento como funcionarios interinos para o ámbito programático de xestión das axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical.”,

2.- Se manteñen os restantes extremos do acordo indicado”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez